

Vertidos de augas fecais ao pé da depuradora contaminan o río

As fortes precipitacións do comezo de ano deixaron en evidencia as eivas da rede de saneamento e destaparon numerosos puntos nos que as augas residuais escapan a calquera tratamento de depuración para acabar no río Furelos. Un dos principais vertidos localizouse nunha estación de bombeo situada a uns 150 metros da depuradora municipal. Os residuos rebordaron tamén de canalizacións en desuso e anegaron camiños. P12



MELIDE

Incremento do 14% nas contas para 2016, que ascenden a 6,2 millóns P11

COMARCA

Amancio Ortega merca terreo en Sobrado para cultivar castaña galega P14

CULTURA

Melide estrea equipo de fútbol sala feminino na competición oficial P19

ENTREVISTA




**Concha
Casares,
Casa
Alongos**

Rouban no Nadal en polo menos 5 naves do polígono



Os ladróns actuaron na madrugada dos dous últimos sábados do ano. Levaron pequenas cantidades de diñeiro e causaron algúns estragos no mobiliario. P11

Comeza a coller forma a rede de calor con biomasa



Medancli S.L., a empresa promotora, inicia unha recollida de sinaturas para recadar apoio social e acelerar un proxecto que podería funcionar en novembro. P13

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

26 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)


Editorial

Referente industrial

O xornal Cerne estrea neste número unha pequena sección na que a través de datos estatísticos e en meses sucesivos se pretende facer unha radiografía dos sectores produtivos locais e unha posterior diagnose que determine o que se podería denominar “estado da cuestión”.

Das cifras publicadas na primeira entrega, onde se analiza a natureza das empresas, o sector de actividade no que operan e o número de asalariados que teñen xa se pode tirar algunha conclusión. A primeira, xa coñecida por todos, é a fortaleza do sector servizos, que ten no comercio e na hostalería os principais motores de creación de emprego. A segunda, menos evidente, é a debilidadade do sector industrial que, sendo tamén un importante pilar da economía melidense, parece condenado a un letargo eterno, a unha loita constante por pegar ese salto que nunca chega.

Dito doutro xeito: Melide é un referente comercial pero non un referente industrial. E podería selo. Debería selo. Máis agora cando nun par de anos a autovía será por fin unha realidade. Comezouse con mal pé ao non reivindicar con máis contundencia un enlace preto do polígono,



pero aínda así seguimos tendo por diante unha oportunidade que compriría aproveitar.

No desenvolvemento do futuro e no letargo do presente inflúen de xeito determinante as infraestruturas e os servizos do parque empresarial da Madanela. Melide necesita un polígono industrial de primeira, libre de todas as eivas que viñeron lastrando ata agora a implantación de novas empresas. Nos últimos anos déronse pasos que contribuíron á mellora: bonificación do 30% no prezo das parcelas á venda (que agora será do 50% para algunhas delas), instalación dun sistema contraincendios, asfaltado das vías... pero foron sempre pasos insuficientes.

A Madanela necesita ser

atractiva para o empresariado e iso dificilmente pode suceder cando o polígono segue sen un sistema para a xestión de residuos contaminantes, cando o acceso a internet constitúe un problema para o que cada pouco se van buscando parches, cando a presión da auga é en ocasións deficiente, cando se pide maior vixilancia e, sobre todo, cando se sabe que as posibilidades futuras de ampliación están a día de hoxe hipotecadas polas limitacións que impón a Rede Natura. Servizos precarios e inseguridade son os maiores inimigos do investimento. O polígono da Madanela precisa de actuacións decididas se queremos que nun futuro Melide tamén sexa un referente industrial.

Tribuna de opinión

Se chove, que chova!

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Choveu. E choveu sobre mollado, porque non é a primeira vez que o Furelos bota por fóra nin tampouco é a primeira vez que botan por fóra tamén as canalizacións e os rexistros dunha rede de saneamento que semella facer augas.

No primeiro dos casos pouco máis hai que facer ca manter o río limpo e agardar a que a enchente non sexa moita. No segundo, deberíanse poñer todos os medios ao alcance para evitar que os residuos afloren á superficie e vaian parar aos nosos ríos cando cae unha tromba de auga. Certo é que un episodio de precipitacións intensas supón sempre circunstancias extraordinarias, tamén para a rede de saneamento, que se

pode colapsar. Pero non menos certo é que os vertidos fecais se están convertendo nun problema crónico para Melide.

As imaxes falan por si soas, con regos de augas residuais sen tratar decorrendo cara ao río a menos de 100 metros da depuradora e con corredeiras anegadas con restos fecais. Hai moitos puntos conflitivos e son conflitivos moi a miúdo.

A renovación da rede de saneamento avanza paulatinamente. É un feito. Pero resulta insuficiente. Deámoslle toda a prioridade á cuestión medioambiental, que é tamén unha cuestión de saúde. Aínda que só sexa para poder dicir con tranquilidade e como galegos que somos iso de “se chove, que chova!”

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: César C. Vega, Santiago Prado Conde

AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Sandra Vázquez

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	11
-COMARCA.....	14
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

Cae en Pescadería Manolo o gordo melidense de Nadal

A Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem-Cca) puxo un ano máis punto e final á campaña de Nadal cunha gala celebrada na Casa da Cultura na que non faltaron a música e o humor. Con David Noya como mestre de cerimonia e os seus monólogos sobre as relacións de parella e as diferenzas educativas entre a ESO e a EXB, deu comezo unha velada na que sen dúbida o momento máis agardado foi o sorteo de 5.500 euros en premios entre os clientes que ao longo de 38 días do Nadal realizaron as súas compras no comercio melidense.

Finalmente o premio gordo, dotado con 2.000 euros, foi para o número 42.788,

repartido por Pescados Manolo. Os tres premios de 1.000 euros corresponden a boletos distribuídos por Muxica, Calzados Broz e de novo Pescados Manolo. Ademais sorteáronse 500 euros entre as persoas que asistiron coas súas rifas á gala. Neste caso o premio quedou deserto pois, tras sacar o máximo de 20 números establecido nas bases notaríaais, non apareceu o boleto premiado.

Agora os clientes agraciados terán de prazo ata o 29 de xaneiro ás 13:00 horas para presentar nas oficinas da patronal as rifas premiadas, tanto as titulares como as de reserva. A principios de febreiro fíxase unha data para celebrar

o acto de entrega de premios, no que os clientes ganadores recibirán o galardón de mans dos titulares dos establecementos que lles deron a rifa agraciada. Obterán vales de 50 euros ata completar o valor do premio acadado.

Precisamente na contía dos premios estivo unha das novidades desta campaña de Nadal, na que se pasou de repartir 22 a 5 galardóns, pero de maior valor económico. Outro dos cambios estivo no sistema para a elección de números premiados: a tradicional caixa de madeira que se viña empregando para depositar as matrices das rifas repartidas desapareceu para dar paso aos bombos e ás bólas.

ESTE Nadal TOCA en Melide		
NÚMEROS PREMIADOS		
PREMIO	Nº TITULAR	Nº RESERVA
2.000 €	42.788 (Pescados Manolo)	54.413 (Xoiería Silvela)
1.000 €	55.924 (Muxica)	12.771 (Enxeñeiro técnico Javier López)
1.000 €	51.941 (Calzados Broz)	07.017 (Tu Boutik)
1.000 €	42.770 (Pescados Manolo)	32.853 (Pulpería Taboada)
500 €	DESERTO	(Sorteado entre as persoas asistentes á gala celebrada o 7 de xaneiro)



O presentador, David Noya, fai un selfie cos mozos e mozas que sacaron as bolas do sorteo

60.000 rifas e récord de participación

Os grandes números marcaron a decimosesta edición da campaña Este Nadal toca en Melide. En total repartíronse 58.900 rifas entre os clientes, 11.000 máis ca na edición anterior. Por outra banda, este ano bateuse récord de participación, con 83 comercios. Nunca antes, dende que se puxo en marcha a campaña en 1.999, se acadara un número tan elevado.

O presidente de Asetem, Manuel Vázquez, sinala que nesta edición “se marcou un punto de inflexión que debe servir como referente para vindeiros anos” e anima aos asociados “a seguir participando masivamente nas campañas, porque esa é a mellor maneira de proxectar o comercio de Melide”. Por outra banda, e en referencia á gala coa que se pechou *Este Nadal Toca en Melide*, destaca “a nova dimensión que está adquirindo a campaña nos últimos anos” e a “implicación cada vez maior de Asetem e Concello de Melide nesta iniciativa”.

Este foi o segundo ano no que se organizou unha gala para acompañar o sorteo de premios. Estivo amenizada polo presentador e humorista David Noya, xunto coa agrupación de zana *De perdidos al Trío*.



JAVIER LÓPEZ LÓPEZ

ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións

- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas

- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga, etc...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)





**ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA**



Ana Marcos Cardo

Odontóloga

Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05



Bar Cantón

CAMPIONATO DE TUTE - DECEMBRO 2015



Como cada mes de decembro dende hai catro anos o Bar Cantón de Melide converteuse no lugar de reunión dos mellores xogadores de cartas da comarca. O motivo non foi outro máis que o Campionato de Tute que organizou o establecemento pola ponte da Constitución. Concorrido e disputado, rematou con xenerosos premios para as oito primeiras parellas.

Mercamelide busca reactivarse con novos atractivos para a clientela

A feira de saldos dará protagonismo á repostería local e incluírá cambios no sorteo de agasallos

O Pazo de Congresos e Exposicións acollerá a fin de semana do 20 e 21 de febreiro unha nova edición do Mercamelide, que chegará na quenda de inverno con algunhas novidades para consumidores e visitantes.

A organización, que integra o Concello e a asociación comarcal de empresarios (Asetem), decidiu introducir algúns cambios no que ás actividades complementarias se refire para manter o atractivo deste evento comercial, que vai xa pola 17ª edición. “O que quixemos facer foi conservar a esencia da feira, que está funcionando ben, pero introducir un pequeno sopro de aire fresco para que a xente que acuda atope cousas diferentes”, explica Manuel Vázquez, presidente da patronal.

Rosquillas de Melide

Unha das principais novidades está na oferta gastronómica que tradicionalmente acompaña a edición de inverno do



A variedade segue a ser a principal aposta do Mercamelide

Mercamelide. A filloeira de Lestedo, presente nos últimos anos, dará paso ás rosquillas de tixola, que serán repartidas de xeito gratuito entre todas as persoas que presenten un ticket de compra. Con esta iniciativa a organización pretende, por unha banda, darlle cabida aos negocios de repostería da vila e por outra poñer en valor un produto típico de Melide que se está perdendo.

Sorteo de vales de compra

Outro dos cambios afecta aos agasallos sorteados durante a fin de semana entre os clientes da feira. Neste caso, as cestas con produtos de alimentación darán paso a vales de compra, cun valor aínda por determi-

nar, que os premiados poderán empregar en calquera dos comercios participantes no Mercamelide. Sortearanse tres vales ao longo desa fin de semana e a maiores, como colofón, un premio maior de 500 euros. Tamén está confirmado que haberá actividades de animación infantil na tarde do sábado.

Non haberá variacións no que á oferta comercial se refire. A falta de que peche o prazo de inscrición o próximo día 5 de febreiro, agárdase a participación de máis de 30 comercios de sectores variados. “Coma sempre, no Mercamelide poderase atopar de todo e a bo prezo”, destaca Manuel Vázquez.

LIÑAS DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS A PARTICULARES PARA O ANO 2016

Para a factura eléctrica

A Xunta de Galicia habilitou unha liña de axudas para subvencionarlle parte da factura eléctrica ás familias cuxos ingresos totais non superen 1,5 veces o IPREM (9.585 euros/ano) e das que formen parte menores ou discapitados (grao maior do 33%). Pódense beneficiar dela todas as persoas que convivan con menores de 18 anos ou discapitados. O prazo de solicitude remata o 31 de xullo de 2016.

50.000 € por edificio.

Para renovar tellados

As axudas para renovar cubertas con tella cerámica poderán solicitarse entre o 20 de xaneiro e o 20 de abril. Están dirixidas a particulares e comunidades de propietarios, sempre que a actuación se realice en vivendas ou edificios de vivenda colectiva e edificacións anexas da súa titularidade. A axuda cobre o 40% dos custos totais, que serán como máximo 55 € por metro cadrado.

Para renovar fiestras

Existe unha liña de axudas destinadas á rehabilitación dos ocos acristalados das fachadas, tanto no referente ao acristalamento como aos marcos, co fin de mellorar a eficiencia enerxética de edificios e casas e conseguir un maior aforro económico. As solicitudes deben facerse na empresa que vaia instalar as fiestras, que previamente se ten que ter dado de alta como “entidade colaboradora”. Esta subvención poderase solicitar a partir do 1 de marzo e ata o 30 de setembro. A axuda máxima será de 3.000 € por vivenda e

Para renovar fachadas

Unha subvención moi similar á anterior é a dirixida a fomentar a rehabilitación con granito das fachadas de edificacións. Con estas axudas quérese contribuír a embelecer o tecido construtivo galego cun material de fácil colocación e respectuoso co ambiente á vez que se mellora a eficiencia enerxética. Pódese solicitar entre o 20 de xaneiro e o 20 de abril. En caso de ser concedida, cubrirá o 40% dos custos totais, que serán como máximo 12.000€ por vivenda illada e 40.000 € por edificio de vivendas.

O Grupo de Desenvolvemento Rural Ulla-Tambre-Mandeo (GDR UTM), no que está integrada a comarca de Melide, pechou temporalmente as súas portas o pasado 29 de decembro tras dar por rematado o programa europeo de axudas “Leader” para o período 2007-2013 e completar o pago por un importe de 800.000 euros ás iniciativas postas en marcha durante 2015.

A clausura desta etapa realizouse a mediados de decembro no Telecentro de Melisanto cun encontro no que participaron todos os promotores e promotoras que recibiron algunha subvención ao abeiro deste programa nos últimos cinco anos. Á reunión acudiron preto de 50 persoas que aproveitaron para debater

CESE TEMPORAL DE ACTIVIDADE NO GDR AO FINALIZAR O LEADER 2007-2013



Alguns membros do GDR tras unha reunión no mes de setembro

e propoñer ideas de cara ao novo período 2014-2020 do Plan Leader, cuxas bases e

dotación orzamentaria se agarda que sexan publicadas proximamente.

ANTONIO DIETER MOURE, ELIXIDO NOVO PRESIDENTE DA CEG

Antonio Dieter Moure, empresario ourensán do sector da formación, será o novo presidente da patronal galega. A súa candidatura impúxose por 102 votos contra 92 á presentada por José Manuel Pérez Canal nas eleccións que recentemente celebrou a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). O axustado dos comicios e a rivalidade dos dous aspirantes deixan unha patronal dividida e auguran un novo período

de inestabilidade no seo da CEG logo do controvertido mandato do anterior presidente, Fernández Alvarinho.

O novo presidente da CEG, de 64 anos, é o primeiro profesor á fronte dos empresarios galegos. En 1975 fundou en Ourense o colexio Valle Inclán, un centro privado de FP do que segue sendo director. Foi tamén presidente da Federación Ourenzá de Balonmán e fundador da Fundación Mestre Mateo.

...a peza que precisa a súa empresa

**laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros**

Solicite presupuesto sen compromiso !!

R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

SUBVENCIONES

PROMOCION DO EMPREGO AUTÓNOMO

Beneficiarios: Desempregados inscritos no Servizo Público de Emprego, que creen o seu propio posto de traballo como traballadores autónomos, ou como membros de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación; e causen alta entre o 01/10/2015 e o 30/09/2016.

Liñas de axuda:

a) PARA INICIATIVAS DE AUTOEMPREGO XUVENIL

Menores de 30 anos e causar alta entre o 01/10/2015 e o 30/09/2016.

Contía: 1200 € (sen investimento), coa obriga de manter a actividade 1 ano.

b) POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR AUTÓNOMO OU POR CONTA PROPIA.

Requisitos: Investimento en inmovilizado material ou intanxible de como mínimo 3.000 € máis IVE, realizado entre os 3 meses anteriores e os 6 meses seguintes ao inicio da actividade, coa data límite do 20/12/2016.

Contías: 5.000 € (desempregado xeral); 8.000 € (desempregado con discapacidade ou pertencente a colectivos de risco de exclusión social); e 10.000 € (mulleres desempregadas con discapacidade ou pertencente a colectivos de risco de exclusión social).

Obrigas: Exercer a actividade 2 anos.

Prazo de solicitude: Ata o 29/02/2016 (Estas liñas son incompatibles entre si).

PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO DAS PERSOAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL (SNGX)

Beneficiarios: Persoas novas inscritas no SNGX, que creen o seu propio posto de traballo como traballadores autónomos, ou como membros de comunidades de bens ou sociedades civís de nova creación; e causen alta entre o 01/10/2015 e o 30/09/2016.

Liñas de axuda:

a) SUBVENCION PARA INICIATIVAS DE AUTOEMPREGO XUVENIL

Traballador por conta propia que cause alta entre o 01/10/2015 e o 30/09/2016, sempre e cando estea de alta na data da solicitude da mesma.

Contía: 1200 € (sen investimento), coa obriga de manter a actividade 1 ano.

b) SUBVENCIÓN POLO ESTABLECEMENTO COMO TRABALLADOR AUTÓNOMO OU POR CONTA PROPIA.

Con investimento en inmovilizado material ou intanxible de como mínimo 2.000 €, sen incluír o IVE, realizado entre os 3 meses anteriores e os 6 meses seguintes ao inicio da actividade, coa data límite do 20/12/2016.

Contías: 7.500 € (mozo); 8.000 € (moza); e 10.000 € (persoa nova con discapacidade ou pertencente a colectivos de risco de exclusión social).

Obrigas: Exercer a actividade 2 anos.

Prazo de solicitude, para ambas liñas: Ata o 30/09/2016. Estas liñas de axuda son incompatibles entre si.

MELLORA DA IMAXE, MODERNIZACIÓN, ESTABLECEMENTO DE NOVAS FÓRMULAS E MEDIOS DE COMERCIALIZACIÓN

Beneficiarios:

.- Comerciantes retalistas, cuxo epígrafe de actividade figure na orde da convocatoria da axuda.

.- Titulares de obradoiros artesanais inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia e que fagan uso da marca Artesanía de Galicia.

.- Federacións de comerciantes e as asociacións profesionais de artesáns.

Actuacións subvencionables:

1.- Para comerciantes retalistas:

.- Acondicionamento do local comercial.

.- Mellora da imaxe exterior e adquisición de moblaxe e equipamento para a superficie de venda.

2.- Para os titulares de obradoiros

artesanais:

.-Sistemas de etiquetas intelixentes que completen o envase con máis información.

3.- Para comerciantes retalistas e titulares de obradoiros artesanais:

.- Ferramentas ou programas informáticos de xestión do establecemento e deseño de produtos.

.- Desenvolvemento e implantación de sistemas de empaquetado e etiquetaxe.

.- Novos sistemas de comercialización que combinen o comercio online e offline, así como implantación de páxinas web con tenda online e pasarela de pagamento.

.-Páxinas web comerciais.

.-Novos sistemas de comercialización e información ao consumidor, mediante utilización das redes sociais para a venda.

Contía: 40% do investimento subvencionable para os gastos de acondicionamento de local e moblaxe, e o 50 % para o resto das actuacións con límites máximos en todas as partidas.

As actuacións deben ser realizadas e pagadas entre o 01/01/2016 e o 30/10/2016.

Prazo: Dende o 18 de Xaneiro ata o 18 de febreiro de 2016

REMUDA COMERCIAL

Beneficiarios: Comerciantes retalistas, que teñan como mínimo 64 anos, que exerzan a actividade de forma ininterrompida nos últimos 10 anos, estean de alta en autónomos e que na idade ordinaria de xubilación se teña o período mínimo esixido para poder ter dereito á pensión de xubilación. Débese designar a unha persoa física continuadora da actividade, que tamén será beneficiaria da axuda.

Contías:

.-Transmisores que teñan a idade de xubilación: 800 €.

.-Transmisores que non teñan idade de xubilación: 800 €/mensuais dende o mes seguinte á resolución de concesión ata o último mes en que cumpran a idade de xubilación, abonados nun pagamento único.

.-Adquirentes do negocio comercial: 2.000 €

Os transmisores beneficiarios quedarán coa obriga de cotizar á Seguridade Social, no caso de que deba cubrir o período mínimo de cotización establecido.

Prazo: Ata o 31/08/2016.

CONTRATACIÓN INDEFINIDA DE PERSOAS ASALARIADAS

Beneficiarios:

.- Traballadores autónomos ou profesionais, pola primeira contratación indefinida durante o seu primeiro ano de actividade, con unha persoa desempregada.

.- Traballadores autónomos ou profesionais, pola segunda e terceira contratación indefinida nos tres primeiros anos de actividade, con persoas desempregadas.

Contías, para contratacións a xornada completa:

.- Entre 4.000 e 6.000 €, pola primeira contratación indefinida.

.- Entre 5.000 e 7.000 €, pola segunda e terceira contratación indefinida.

Serán subvencionables as contratacións realizadas entre o 01/10/2015 e o 30/09/2016.

Prazos de solicitude:

.- Contratacións realizadas entre o 01/10/2015 e o 30/12/2015, prazo de solicitude ata o 29/02/2015.

.- Contratacións realizadas dende o 31/12/2015, o prazo de solicitude será ata o último día do segundo mes seguinte á data de inicio da contratación (prazo máximo, ata o 30/09/2016).

Obrigas dos beneficiarios, entre outras: Manter ditas contratacións 2 anos.


MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES

MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES
MOBLES ARES

ATA O
50%

Rebaixas

Dende o 15 de xaneiro
ao 29 de febreiro de 2016



MOBLES ARES

Tfno.: **981 50 55 64**

www.moblesares.com

15800 **MELIDE** (A Coruña)

Tamén abrimos os domingos de 10:00 a 14:00 h.

Os escaparates de moitas das tendas de Melide non só destacan estes días polos atractivos prezos das rebaixas, senón tamén por convertérense temporalmente en galerías que dan cabida a pequenas obras de arte elaboradas tamén por pequenos artistas. Son as creacións que durante o Nadal realizaron os nenos e nenas de

educación infantil e primaria dos tres colexios da vila e nos que a través da imaxe, da cor e

das letras expoñen a súa visión do pequeno comercio local. Estes debuxos, que irán ro-

tando polos escaparates do casco urbano ata finais do mes de febreiro, son o resultado

dunha iniciativa posta en marcha por Asetem, en colaboración coas Anpas dos tres centros educativos, coa que se quere concienciar aos máis cativos sobre a importancia do pequeno comercio. Para iso, ademais dos debuxos, entregóuselles unha ilustración didáctica na que, baixo o lema “mercar no pequeno comercio fainos grandes”, se lles explicaba o que é o comercio de proximidade, as súas vantaxes e as principais ameazas que ten na actualidade.

O traballo ben feito terá a súa recompensa, pois en coincidencia coa celebración do Mercamelide de inverno, os días 20 e 21 de febreiro, faráselle entrega de cadanseu agasallo a todos os cativos que realizaron un debuxo. Con esta iniciativa Asetem colabora por segunda vez coas Anpas na promoción do comercio local.

OS CATIVOS DEBUXAN O PEQUEÑO COMERCIO



RADIOGRAFÍA DO SECTOR EMPRESARIAL DA COMARCA (I)

O xornal Cerne inicia co primeiro número de 2016 unha serie de publicacións a través das que, nos vindeiros meses e mediante datos estatísticos, tratará de achegarlle aos lectores a realidade do tecido económico comarcal.

Baixo o título *Radiografía do Sector Empresarial da Comarca*, esta sección, realizada en colaboración co Servizo de Orientación Laboral do Concello de Melide, comezará afondando na natureza do sector empresarial.

Segundo os últimos datos publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), na comarca da Terra de Melide existen 1.044 empresas, das cales 717 (68,7%) pertencen

ao sector servizos. O tradicional peso do comercio e a presenza cada vez maior de negocios de hostalería asociados ao auxo do Camiño de Santiago fai que a inmensa maioría de empresas se concentren nun sector caracterizado pola creación de emprego estacional. Pola contra

a rama da industria, onde os empregos tenden a ser máis estables, só representa o 9,5% do total de empresas. Ligadas ao sector da construción, e trala crise inmobiliaria, resisten 228 compañías, que representan o 21,8%.

Outro dos datos destacables que nos deixa a radiografía do sector empresarial é a escasa capacidade que teñen os negocios da comarca para crear empregos, tal e como se deduce do feito de que o 65,3% das empresas (682) non teña ningún asalariado. Tan só 17 (o 1,6%) ten máis de 10 empregados e ningunha supera os 50. Isto vén a indicar que predomina a figura do empresario autónomo e da pequena empresa.

Estes datos van en consonancia coa natureza xurídica

dos negocios da comarca, que se acollen maioritariamente á figura da “persoa física”, representando un 66,9%. Tan só hai rexistradas 5 sociedades anónimas. A fórmula das cooperativas, promocionada nos últimos tempos dende as administracións, semellou non callar malia ser idónea para o medio rural. Supoñen o 0,77% do total.

O conxunto de datos debuxa un empresario autónomo do sector servizos e sen empregados ao seu cargo como o perfil tipo do emprendedor na comarca. A tendencia a emprender na hostalería e no comercio fai que se marxinen outras potencialidades da comarca pero reflicte ao mesmo tempo a solidez do sector terciario como creador de riqueza e traballo.

EMPRESAS POR ACTIVIDADE		
Industria	Construción	Servizos
99	228	717

EMPRESAS POR CONDICIÓN XURÍDICA	
Persoas físicas	699
Sociedades anónimas	5
Socs. Resp. Limitada	208
Cooperativas	8
Outras	124
TOTAL	1.044

EMPRESAS POR Nº DE ASALARIADOS	
Sen asalariados	682
De 1 a 2 asalariados	224
De 3 a 5 asalariados	96
De 6 a 9 asalariados	25
De 10 a 19 asalariados	13
De 20 a 49 asalariados	4

¡YO PARA SER
Feliz
QUIERO
UN COLCHÓN!


♥

pikolin

50%
DESCUENTO

Oferta válida hasta
el 31 de Marzo

Tfno.: **981 50 55 64**
www.moblesares.com
15800 **MELIDE** (A Coruña)



MOBLES ARES



Campionato de tute na Cafetería Marta

Os reis da baralla



Cafetería
MARTA

Cantón de San Roque, 13 - MELIDE

O Nadal deixa unha vaga de roubos no polígono industrial da Madanela

Como mínimo resultaron afectadas as naves de cinco empresas
Os ladróns foron gravados por cámaras de seguridade

Os amigos do alleo quixeron facer o seu agosto en pleno Nadal no polígono da Madanela. Segundo puido saber o xornal Cerne, nos dous últimos sábados do 2015 producíronse polo menos cinco roubos en diferentes naves do parque empresarial de Melide.

A maioría concentráronse na noite do sábado 26 ao domingo 27 sobre as dúas da madrugada. Esa era, cando menos, a hora que marcaban as cámaras de videovixilancia de Melisanto, que gravaron as manobras de “dous mozos novos”, segundo explica o seu xerente. As instalacións da cooperativa foron obxecto de roubo, aínda que os cacos tan só levaron uns 50 euros en moedas de cambio, non sen

antes romper “unha cristaleira, a caixa rexistradora e as pechaduras dos caixóns”. O modus operandi, baseado na forza bruta, leva ao responsables de Melisanto a pensar que os ladróns “erans uns chapuzas”.

A mesma idea comparte a propietaria de Frutas Nati, onde entraron o sábado anterior, 20 de decembro, a golpe de maza. “Rebentaron a porta da entrada e a da oficina e despois foron directos arrincar o dispositivo da alarma”, comenta. A incidencia, non obstante, foi detectada pola central de alarmas, que lla comunicou aos propietarios desta empresa de alimentación e eles á súa vez á Garda Civil. Cando chegaron os axentes os ladróns xa fuxiran sen

chegar a roubar nada: “viron dende fóra unha caixa negra e deberon pensar que era a caixa forte, pero era un regalo”.

Algo de mellor sorte correron en Nutripor, outra das naves asaltadas, onde os ladróns entraron pola ventá da oficina e “revolveron todo buscando cartos pero deixaron o mobiliario intacto”, explica unha empregada da compañía. Levaron consigo o diñeiro que atoparon na caixa, que, segundo indica, “era unha cantidade pequena porque nunca temos moitos cartos”.

Weber Cemarksa tamén foi un dos obxectivos na madrugada do 27 de decembro. Non obstante os seus responsables cren que os ladróns eran “gente muy profesional”



Entre as naves afectadas está un almacén de froitas

e xustificano polo xeito que tiveron de burlar as “completas” medidas de seguridade desta empresa, que sufriu tres roubos nos vinte anos que leva instalada en Melide. “Temos detectores en todas las estancias, sólo en la oficina hay 15”, explican dende esta cementeira, “no sabotearon ninguno pero se movieron por dentro sin hacer saltar las alarmas”.

Consideran ademais que os cacos estiveron dentro das instalacións “mucho tiempo”

e que tiñan por única intención “buscar dinero”. Levaron “una pequeña cantidad” e o bote dunha peña dos empregados. Polo demais non fixeron ningún estrago e, segundo comentan dende Weber Cemarksa, “ni siquiera tocaron un ordenador”.

Outra das naves afectadas por esta vaga de roubos foi a de Jim Sports. Agora os empresarios do polígono piden novas medidas de seguridade, a maiores das individuais de cada empresa.

Aprobadas as contas post crise cun aumento do 14% e máis investimento

O Concello de Melide aprobou, cos votos a favor do PP e en contra de BNG e PSOE, os orzamentos municipais para 2016, que ascenden a 6.266.971 euros e experimentan un incremento do 13,8% (764.014 euros) con respecto ao exercicio económico do ano anterior.

O concelleiro de facenda, Luis Arias, asegurou durante a súa intervención que as contas “seguen a mesma liña de actuación ca na pasada lexislatura” e terán na contención do gasto unha das principais directrices, xa que “deu un bo resultado e permitiu que a realidade económica do Concello mudara notablemente con respecto a 2011”. Nese sentido puntualizou que “agora o punto de partida é moito máis favorable” e aludiu á redución da débeda bancaria, que pasou de 2.492.204 euros hai catro anos a 787.783 euros na actualidade.

Arias tamén fixo fincapé

no “esfuerzo inversor” dos orzamentos deste ano, que contemplan 951.953 euros para investimentos, o que supón 448.766 euros máis ca no exercicio anterior. Por outra banda destacou que o orzamento contempla a contratación de dúas prazas de auxiliar administrativo, outras dúas de educadoras para a escola infantil, unha de conserxe e outra de persoal eventual, ademais das da Policía Local.

Falta de proxectos

As contas non convenceron a ningún dos dous partidos da oposición. Os concelleiros do BNG coincidiron co equipo de goberno en que os orzamentos “van na mesma liña ca os anteriores”, algo que para eles significa que “non son axeitados para avanzar”.

O voceiro dos nacionalistas, Xosé Igrexas, argumentou o seu voto en contra alegando que falta un proxecto político de futuro detrás dos números:

“un orzamento non só é xestionar gastos e servizos, hai que facer programas para o desenvolvemento do pobo, con proxectos e cantidades concretas. Diso non hai nada”.

Igrexas tamén apuntou que o Concello só destina 127.288 euros de recursos propios a investimentos e que a cifra total “sería menor cá doutros anos” se non fose polas achegas da Deputación a través do Plan de Obras e Servizos.

Pola súa banda, o PSOE puxo en dúbida que se vaian contratar todas as prazas orzadas: “as da Policía Local levan anos nos presupostos e nunca se executaron”, recriminou o concelleiro José Antonio Prado. O edil socialista tamén criticou que “non se tome máis en serio a emerxencia social” e non se incrementen as partidas económicas neste capítulo para posibilitar que sexan os profesionais e non voluntarios “os que axuden a quen máis o necesita”.

INVESTIMENTOS PARA 2016 AOS QUE O CONCELLO DESTINA RECURSOS PROPIOS

Remate Casa da Cultura	45.279 €
Saneamento e abast. auga	16.400 €
Infraestruturas	15.729 €
Admón. xeral (edificios)	15.000 €
Admón. xeral (informática)	10.080 €
Instalacións cultura	8.000 €
Iluminación pública	6.000 €
Instalacións deportes	3.000 €
Ferramentas e sinais tráfico	3.000 €
Mobiliario urbanismo	1.500 €
Instalacións Radio Municipal	1.500 €
Instalacións Turismo	500 €
Mobiliario Centro Social	500 €
Mobiliario Escola Infantil	500 €
Equipos órganos de goberno	300 €
TOTAL RECURSOS PROPIOS	127.288 €

Eivas na rede de saneamento provocan vertidos fecais ao Furelos

As fortes borrascas coas que comezou o ano non só trouxeron chuvia ás terras de Melide, senón que tamén deixaron en evidencia o mal funcionamento da súa rede de saneamento e destaparon numerosos puntos onde as augas fecais escapan a calquera proceso de depuración e campan ás súas anchas camiño do río Furelos.

Uns dos principais focos de contaminación atópase na estación de bombeo próxima á aldea de Furelos, situada a escasos 150 metros da depuradora municipal e na que conflúen tanto augas pluviais como fecais. Incapaz de procesar todo o volume de residuos, estes rebordaron as arquetas e foron parar directamente ao cauce fluvial, 20 metros máis abaixo, nunha zona habilitada para a pesca. Non é a primeira vez que se produce un fenómeno similar, pois xa o ano pasado houbo un episodio parecido na estación de bombeo próxima ao instituto da vila, contaminando nese caso o río Martagona.

Outro dos focos de contaminación está xusto a carón da planta de depuración, onde os residuos anegaron por completo o camiño de terra que conduce ata ela procedentes de canalizacións en desuso que conectaban coa antiga depuradora. Non é todo: na aldea de Furelo pódense ver rexistros emitindo directamente ao río e o parque empresarial alberga outro foco de contaminación. Á espera de que se



Augas fecais saíndo dunha estación de bombeo cara ao río



Rexistro emitindo residuos directamente ao río en Furelos

execute o proxecto para canalizar os residuos á estación depuradora, augas pluviais e industriais conflúen para desembocar no Rego de Vismianzo, nos límites dos concellos de Melide e Santiso.

O BNG de Melide, que se fixo eco dos vertidos, responsabiliza ao Partido Popular

desta situación, que atribúe tanto “á pésima xestión na área de infraestruturas” como á redución de investimentos. “É lamentable que isto se produza xusto ao carón da depuradora e xunto ao río sen que o goberno local faga nada”, denuncia o concelleiro nacionalista Xosé Igrexas.

Por que o río Furelos se desborda con tanta facilidade?

A primeira cadea de borrascas do inverno trouxo de novo unha estampa coñecida para a veciñanza de Melide: a do desbordamento do río Furelos, que ten sempre a súa imaxe máis icónica na área recreativa do mesmo nome completamente asolagada polas augas.

Tal se produciu o pasado 7 de xaneiro, despois de seis días de chuvia consecutivos nos que, segundo os datos da estación meteorolóxica situada no Meire, se rexistraron en total 155 litros por metro cadrado. Sendo esta unha cantidade de precipitacións abundosa, cómpre destacar que só un día, precisamente o 7 de xaneiro, se superou o límite a partir do cal se establece a alerta amarela por chuvias: 40 litros por metro cadrado. Caeron, en concreto 48,8. Esta cantidade queda lonxe dos 70,6 que caeron ese mesmo día en Arzúa ou dos 116,5 que se

recolleron en Santa Comba.

Xa que logo, que é o que explica que o río se desborde con tanta facilidade? O presidente da Asociación de Troiteiros Río Furelos, Xavier Pazo, apunta a que é un río no que o caudal varía co moito facilidade: “igual que sobe rápido, baixa rápido”, a diferenza do que acontece con outros como o Pambre ou o Iso “que tardan moito en desbordar pero despois tamén lles leva días baixar”. Por outra banda Pazo sinala que o Furelos ten moitos afluentes e destaca que é “un río moi caudaloso”. De feito, é o segundo despois do Sar que maior caudal lle aporta ao río Ulla.

Segundo Pazo as precipitacións fixeron subir o Furelos ao seu paso pola área recreativa 1,5 m. sobre o seu cauce pero aínda lle faltou “subir outro tanto” para acadar a súa altura récord e chegar ata a estrada.



A auga chegou ata o aparcadoiro da área recreativa

CANDO CHOVE BAIXO CUBERTO

Varias instalacións municipais víronse afectadas por goteiras e filtracións nas últimas semanas. Entre elas está o ximnasio do CEIP nº 1, cuxo pavimento quedou cuberto pola auga na súa práctica totalidade logo dun día de intensas chuvias durante as vacacións de Nadal.

O BNG saíu ao paso desta incidencia para apuntar que “os recortes conlevan perigos para os nosos fillos e fillas” e para recordar que “non é a primeira vez que xorden queixas polo abandono e falta de man-

temento ó que ten sometido o Concello as instalacións municipais”. Ao mesmo tempo denunciaron a existencia de goteiras no parque infantil do Pazo de Congressos.

Tamén o PSOE sacou á luz as filtracións de auga que se producen na entrada do centro de saúde e no edificio de rehabilitación cando chove, algo que ao seu xuízo “pon en risco a usuarios e persoal sanitario”. Por outra banda inciden en que “cada vez que chove” unha gran poza de

auga dificulta o acceso ao centro educativo da Martagona. O voceiro dos socialistas, José Antonio Prado, carga as tintas contra a alcaldesa e considera que “antepoñer algunhas intervencións improvisadas e discutibles a necesidades de actuación urxente non é xeito de responder á responsabilidade de goberno”.

Dende o executivo local sosteñen que as filtracións foron froito “da propia intensidade da choiva” e negan falta de mantemento nas instala-



Ximnasio do CEIP nº 1 asolagado tras un día de fortes chuvias

cións. A alcaldesa, Dalia García Couso, pídelle “veracidade” á oposición e subliña que “fa-


cer política das inclemencias meteorolóxicas é unha actitude pouco seria”.

O interese social determinará se sae adiante a rede de calor con biomasa

En outubro de 2014 o xornal Cerne informaba dunha proposta que acababa de chegar aos despachos da casa consistorial para instalar en Melide un sistema urbano de calor que proporcionase calefacción e auga quente a 1.200 vivendas da vila mediante a combustión de biomasa.

Quince meses despois o proxecto está preto de ser unha realidade e depende tan só de que haxa o suficiente apoio social para que a Xunta respalde economicamente o proxecto e poidan comezar as obras. De ser así, á volta do mes de novembro a rede de calor xa podería prestar servizo, segundo as estimacións de Medancli S.L., empresa galega especializada en climatización e enerxías renovables que promove o proxecto. Deste xeito Melide converteríase na primeira vila de Galicia en contar cunha rede de calor.

Co obxectivo de apurar os tempos e presentar o plan ante a veciñanza, os responsables da compañía trasladáronse ata Melide o pasado 15 de xaneiro, momento que aproveitaron para iniciar unha recollida de



Recreación dunha sala de caldeiras con biomasa

sinaturas que presentarán na Xunta de Galicia: “é fundamental que o pobo amose interese, porque o investimento é elevado (2,2 millóns) e a administración quere estar segura de que sexa útil”, explicou Rafael Gómez Canoura, administrador de Medancli S.L.

Durante a exposición pública transcenderon numerosos detalles deste proxecto que trasladaría o calor ás vivendas a través dunha rede de tubaxes de 6 km pola que circularía auga quente dende unha central térmica. Esta

construíriase a carón do instituto e nela queimárianse arredor de 48 toneladas semanais de restos vexetais, un combustible “ecolóxico, económico e galego”, que sairía dos montes da comarca.

A instalación da rede de calor con biomasa conta co apoio do Concello de Melide, que ve no proxecto unha oportunidade para facer do municipio “un referente de sustentabilidade” e para “crear sinerxías a nivel local, xerar emprego e fixar poboación”, sinalou a alcaldesa, Dalia García.

As parcelas do polígono “con peor aproveitamento” custarán a metade

A Xunta de Galicia incrementará do 30 ao 50% a bonificación daquelas parcelas do polígono industrial “con dimensións irregulares, peor aproveitamento e máis dificultades de venda”.

Ese é o compromiso que, a petición da alcaldesa de Melide, Dalia García, adquiriu a titular da Consellería de Infraestruturas durante unha recente visita a Melide. Ethel Vázquez evitou concretar polo momento cantas das 13 parcelas que aínda quedan sen vender se acollerán a ese desconto extraordinario pero amosouse convencida de que esta medida “fomentará a actividade económica e creará emprego”.

A conselleira tamén manifestou que “sempre e cando se acredite demanda” o seu depar-



A conselleira e a alcaldesa visitaron a remodelada Rúa San Antón

tamento traballará para ampliar o polígono unha vez que se vendan todas as parcelas.

Mentres iso non suceda, os esforzos centraranse, tal e como indicou a rexedora

melidá, “en complementar a segunda fase con novos servizos para atraer a máis emprendedores”. O ano pasado investíronse 150.000 euros na renovación das vías.

A audiencia provincial absolve a Socorro Cea polo accidente dun operario municipal en 2009

Socorro Cea, alcaldesa de Melide polo BNG entre os anos 2007 e 2011, foi absolta pola Audiencia da Coruña dun delito contra o dereito dos traballadores e doutro de lesións por imprudencia grave que pesaban sobre ela en relación co accidente sufrido por un operario municipal durante a súa etapa como rexedora.

A administración provincial exixe así a Socorro Cea de toda responsabilidade e declárala inocente logo de ter admitido a trámite un recurso presentado por ela mesma contra o veredicto condenatorio que o Xulgado do Penal número 4 da Coruña ditara previamente, en febreiro do ano pasado. Dita sentenza condenaba á ex alcaldesa nacionalista a 11 meses de

prisión e a outros tantos de inhabilitación.

Á hora de emitir o seu fallo e revocar a condena anterior, a Audiencia Provincial tivo en conta que, antes de producirse o accidente laboral, o goberno encabezado por Cea xa tiña en marcha a elaboración dun Plan de Prevención de Riscos Laborais, do que ata entón carecía o Concello.

O traballador accidentado, que xa non forma parte da plantilla municipal, presentou tamén querela no seu momento contra o daquela arquitecto municipal e contra o encargado de obra. Solicitaba unha indemnización de 215.000 euros que finalmente foi de 110.000 tras chegar a un acordo co Concello de Melide.

FOTO-DENUNCIA

A colonia do Camiño



Os fitos de pedra do Camiño Francés están sendo obxecto de renovación dende o Cebreiro ata Compostela. Trabállase para que a ruta estea mellor sinalizada e para mellorar a súa estética de xeito coherente. Todo suma, pero o resultado sería máis efectivo se non se descoidasen aspectos básicos. Por facer unha comparación ruda: de nada vale botar colonia se non nos lavamos. Así é que sería interesante que o firme do Camiño valera para camiñar sobre del. Se non é así, sempre se poden colocar sinais para indicar rutas alternativas.

Amancio Ortega merca monte en Sobrado para o cultivo de castañas

RAFAEL DANIEL
EL ECONOMISTA.ES

Pontegadea, a sociedade de investimentos de Amancio Ortega, centrada principalmente en operacións no sector inmobiliario, acaba de dar o salto á actividade forestal. A firma patrimonial do segundo home máis rico do mundo está inmersa nun proxecto para o cultivo de castañas no concello de Sobrado dos Monxes.

Hai poucas semanas que Amancio Ortega inxectou 1,2 millóns de euros en Sobrado Forestal 2014, unha sociedade participada por Pontegadea, o brazo inversor do magnate galego, para poñer en marcha un proxecto forestal para a produción de castaña autóctona galega. Será “un referente en sustentabilidade económica, medioambiental e un modelo de innovación”, segundo explican dende Pontegadea, “no que se aplicarán as técnicas máis avanzadas no cultivo e aproveitamento do castaño”.

A sociedade, creada en xullo de 2014 cun capital de 3.000 euros e obxecto social de explotación agrícola, forestal, gandeira, avícola e pecuaria de fincas rústicas, bota así a andar tras un ano de defi-

Adquiriu a través de Pontegadea 100 has. de terreo nas que plantará castiñeiros galegos

nición do proxecto que supuxo a compra de 100 hectáreas de terreo no municipio de Sobrado. A zona foi elixida pola relativa proximidade a Arteixo e fundamentalmente polas condicións agroforestais da contorna.

O investimento non ten precedentes, pois ata agora a maior parte dos investimentos de Pontegadea producíronse no sector inmobiliario coa

compra de edificios nas principais capitais do mundo.

Amancio Ortega semella ter tomado en serio o proxecto. De feito o pasado 15 de decembro situou como administrador único de Sobrado Forestal 2014 a José Arnau Sierra, a súa man dereita, máximo responsable de Pontegadea e vicepresidente de Inditex. Aínda que non hai prazos, dende Pontegadea agardan que o proxecto poida ser presentado en sociedade nuns meses.

O interese do empresario coruñés polo sector forestal non é novo. Dende 2007 Inditex colabora coa Xunta de Galicia no Proyecto Terra para a protección e mellora xenética das principais especies forestais. A castaña galega está a ter cada vez maior proxección e anualmente expórtanse dende Galicia a todo o mundo entre 15.000 e 20.000 toneladas, cun valor estimado de entre 30 e 40 millóns de euros.

Veciños de Melide terán no verán os títulos da parcelaria



A conselleira A. Vázquez coa alcaldesa de Melide, Dalia García

Antes do verán farase efectiva a entrega de títulos da concentración parcelaria de Maceda-Orois, en Melide. Este foi o compromiso asumido pola conselleira do Medio Rural, Ánxeles Vázquez, do alcaldesa de dito municipio, Dalia García, no transcurso da xuntanza de traballo que mantiveron o 14 de xaneiro. No encontro tamén abordaron a posta en valor dos montes de Melide e a conselleira comprometeu o seu apoio para organizar unha charla informativa sobre plantación de castiñeiros nos terreos forestais e creación de Sociedades de Fomento Forestal (Sofor). Por outra banda a rexedora melidá aproveitou a xuntanza para solicitar unha motobomba e reforzar así o servizo municipal de loita contra os incendios.

Fomento saca a concurso os dous tramos da A-54 entre Arzúa e Palas

Suman 28,1 km e teñen un orzamento estimado próximo aos 280 millóns

O Ministerio de Fomento deu-lle un novo empuxón á Autovía A-54 ao seu paso pola comarca ao sacar a concurso con tan só catro días de diferenza as obras dos tramos Arzúa-Melide e Melide-Palas de Rei.

Para o primeiro dos tramos, cunha lonxitude de 16,4 quilómetros e un trazado paralelo á actual estrada N-547, o orzamento estimado é de 157,58 millóns de euros. No caso do segundo (Melide-Palas), con 11,7 quilómetros de lonxitude, o presuposto estimado ascende a 121,66 millóns. No seu conxunto estes dous trazados terán 13 viadutos, 6 pasos inferiores, 4 superiores e un muro de conten-



O pasado mes de outubro abriuse o tramo entre Palas e Guntín

ción. Para acceder a eles habilitaranse seis enlaces.

Nos Presupostos do Estado para 2016 Fomento reserva case 20 millóns para os dous tramos centrais da A-54 e preto de 24 para intentar rematar en 2017 as obras entre Lavacolla e Arzúa. Non obstante, o plan de previsións contempla pagos ata o ano

2020, o que indica que a autovía non estará lista na súa totalidade ata que remate a década. Coa apertura á circulación o pasado mes de outubro do tramo Guntín-Palas, están operativos a día de hoxe 47 quilómetros de percorrido, xusto a metade dos 94 totais que terá a autovía entre Lugo e Santiago.

Deixan sen médico durante dous días o centro de saúde de Toques

Os veciños e veciñas de Toques non tiveron que agardar á chegada dos reis magos para recibiren sorpresas. A primeira do ano atopárona o día 4 de xaneiro cando acudiron pola mañá ao centro de saúde e comprobaron que non había médico na consulta.

Lonxe de ser un misterio de difícil resolución, o que aconteceu foi que o profesional titular colleu unha baixa médica da que o Servizo Galego de Saúde (SerGas) non tivo coñecemento, motivo polo que non enviou ningún substituto. Esta é a explicación que obtivo o alcalde de Toques, José Ángel Penas, tras recibir as queixas da veciñanza e comezar a realizar chamadas e mover fíos para tratar de emendar a situación.

O rexedor, que pon en dúbida os argumentos ofre-

cidos dende a Xunta, critica “a desinformación total” que envolveu todo este episodio e lamentase pola precariedade crónica á que están sometidos os concellos pequenos no que a prestación de servizos básicos se refire: “se non chegamos a mobilizarnos, aínda estaríamos sen médico a día de hoxe”, asegura.

Finalmente foron dous os días nos que o servizo de consulta estivo interrompido, suficientes para causar importantes molestias a moitos dos veciños, que mesmo tiveron que acudir ao servizo de urxencias de Melide para facer receitas de medicamentos dos que non podían prescindir. Outros non puideron renovar os partes de baixa e moitos víronse na obriga de cancelar citas que xa tiñan programadas.

Santiso solicita financiamento da Deputación para dúas sendas peonís

O goberno local de Santiso aproveitou a visita institucional que a vicepresidenta da Deputación, a nacionalista Goretti Sanmartín, fixo ao municipio o pasado día 19 para solicitar financiamento de cara a realizar actuacións en diversos eidos.

Unha das prioridades que lle trasladou á mandataria provincial foi a necesidade de construír dúas sendas peonís: unha entre Arcediago e Chorén e outra para comunicar Visantón e Ribadulla, petición que obedece a “unha vella demanda dos veciños dende que se arranxou a estrada”, explicou o alcalde, Manuel Adán. O rexedor tamén instou á vicepresidenta a facer seu o compromiso adquirido polo anterior presidente popular da Deputación, Diego Calvo, co que se acordou adquirir unha pala retroescavadora para uso xunto entre Santiso e Melide.

Por outra banda, o executivo local entregou un dossier cos proxectos culturais para




Membros dos tres partidos coa vicepresidenta da Deputación

os que precisa financiamento, facendo especial fincapé na Banda e na Escola de Música. Dende a oposición, a concelleira popular Matilde Pallares, tamén presente no encontro, aproveitou para pedir “que se lle bote unha man” á ruta de sendeirismo de Pena Ulla que, cos seus 20 km entre a Pontenova e o límite con Arzúa, está rematada pero pendente de homologar.

Na súa intervención Goretti

Sanmartín incidiu en que a Deputación prestará “especial atención” aos pequenos concellos porque “os veciños teñen que ter os mesmos dereitos e os mesmos servizos ca os que viven nas cidades”, dixo. Nesta mesma idea insistiu hai pouco máis dun mes en Toques, a onde se desprazou para asinar un convenio de colaboración co Concello para o financiamento, con 227.972 euros, das obras en Prados (Paradela).



Roval

JOYERÍA



Máis de 30 anos conseguindo a confianza dos nosos clientes !!

- **Xoiería en ouro, prata e aceiro.**
- **Confíanos as túas reparacións de xoiería e relojería.**
- **Trofeos e placas conmemorativas.**
- **Todo tipo de gravacións.**

Sabías que...?

En Xoiería Roval podes facernos calqueira tipo de encargo persoalizado de xoiería, calqueira que sexa a idea que teñas, e nós trataremos de poñela en práctica, axudando a que ésta teña o mellor resultado final posible.

REBAIXAS

Stardemoda
R/ San Pedro, 10
Tlf: 626 56 49 02

California 66
Rosaleta, 5
Tlf.: 687 776 436
Moda home-muller
Síguenos en  

Tu Boutik
Ronda de Pontevedra, 61
15800 Melide
(A Coruña)
Telf. 881 956 394
tuboutik@hotmail.com
tuboutik.blogspot.com

INFOR-BYTE
¡¡OFERTA!!
325 €
295 €
IVA INCLUIDO
¡¡MUCHOS OUTROS DESCUENTOS!!
Llave Essential
850-10 Hz/4GB/500GB/15.6"
Rúa Rosaleta, 10
Melide, A Coruña
981507169
info@infor-byte.com.es

**PARAFARMACIA
O CANTÓN-MELIDE**
Rocio Pérez Pompiñ
Tfno.: 981 937 350
Rúa Cantón de San Roque, 28 | Melide (A Coruña)
parafarmaciacanton@gmail.com

Casa das Luces
Moda infantil - Puericultura
Comunión - Arras - Bautizo
Rúa Alexandre Bóveda, 11 - MELIDE - Telf.: 981 505 111
INPUGAL
Publicidade - Rotulación
Agasallos de Empresa
Integral de Publicidade Galega s.l.

GALATEA
BOUTIQUE
D'ARTISTE
Rúa San Pedro,
Nº. 8, MELIDE.
Tlf: 981 507 549

Síguenos en 
sisukasisuka
Sisuka
R/ San Pedro, 5 Tlf: 881 975 862

**Alfonso
Modas**
María José Vilar Soutiño
Rúa Mateo Segade Buguelro, 15 Telf. 981 50 54 56
15800 MELIDE (A Coruña)

El Jándolo
MODA HOME - MULLER
Mercedes Abad León
Tfno.: 981 50 63 70 - 610 75 78 84
Rúa do convento, 15
15800 MELIDE

Broz
Camiño de Ovedo, 13 981 50 51 60
MELIDE

**Calzados
Broz**
Ronda da Coruña, 24 981 81 56 19
MELIDE


Merécelas

MELIDE



MIS MEJORES LABORES

C/ Avda. de América, 3 MELIDE



REBAIXAS
Ata
-70%

ROUPA DE NENO/A *a partir de* **5 €**

Ata o **31** *de*
XANEIRO **-30%** *en artigos de*



ELECTROSAN



REBAIXAS



Descubre os nosos grandes descontos!

C/ Martagona, 13 MELIDE

981 50 79 64 - 662 55 11 16

electrosanmelide@gmail.com



Repostería en Melide de Entroido

TOQUES

Panadería
Pastelería
Cafetería

*Pollos asados
para llevar.*

Tfno.: 981 50 51 81

Avda. de Lugo, 31 - 15800 MELIDE (A Coruña)

Souto - TOQUES / Tfno.: 981 50 47 60



TRISQUEL
pastelería

R/ Novoa Santos, 32 - baixo

Tlfs.: 981 50 50 98 / 654 217 798



Especialidad en:
Empanadas y
Dulces variados.

Tfnos.: 981 50 53 82

600 69 38 27

607 11 55 32

C/. San Antonio, 21
15800 MELIDE (A Coruña)

Cafetería y Pastelería
Estilo

Tfno.: 981 505 153

C/. Progreso, 6

15800 MELIDE (A Coruña)



Tfno.: 981 50 78 29
casamelchora@gmail.com

Rúa Camiño de Ovedo, nº 6
15800 MELIDE (A Coruña)

TAHONA



Fundada en 1930

Especialidad en:

Empanadas - Ricos - Melindres - Rosquillas de sartén

Almendrados - Croissants - Pan de trigo del país

Y otros productos de Carnaval (filloas, orellas, rosquillas...)

Avda. Habana, 7 - Telf. 981 50 51 27
MELIDE (A Coruña)

É a hora do fútbol sala feminino

Melide estréase na competición oficial cun equipo saído das escolas deportivas e integrado por once rapazas



As xogadoras do Escolas Deportivas Concello de Melide, antes dun partido, co seu adestrador

O fútbol sala en Melide é máis ca un deporte; é unha tradición. Faise visible todos os anos en forma de tardes de verán e pipas no polideportivo municipal grazas ao torneo que organiza dende hai máis de tres décadas o CIRE. Agora a afección por este deporte ten dende hai un par de meses unha nova ilusión: o equipo de fútbol sala feminino Escolas Deportivas Concello de Melide, integrado por once rapazas que medraron xuntas xogando co balón e que acaban de dar o salto á competición regrada.

Mais de 200 persoas asistiron á súa primeira vitoria na casa, nun partido non apto para cardíacos con remontada e triunfo final por 4-3 que fixo vibrar as bancadas e contaxiou ilusión. A mesma ilusión polo fútbol que emana das xogadoras e que souberon ver os seus proxenitores, quen decidiron tomar a iniciativa “para darlles un empurrón e que sentisen ese plus que dá competir”, explica José María Valcárcel, pai dunha das futbolistas. Así foi como comezaron a mover fíos para que as súas fillas puidesen competir, igual que facían os nenos das escolas deportivas cos que compartían adestramentos, nun ámbito no que “a competición é máis restrinxida na categoría feminina porque non hai moitos equipos”.

Pouco a pouco o proxecto foi collendo forma, coma un puzzle que suma pezas e benfeitores. A aventura axiña tropezo, como acontece con case todo, co obstáculo económico e aí foi onde entrou en xogo o Concello de Melide, que recibiu con agrado a idea de crear un equipo de fútbol sala feminino e que se puxo “a disposición para axudar no que puidese”, sinala José María. A administración local correu cos custos do equipamento e dos traslados en autobús, que suporían un gasto difícil de asumir para os pais malia seren poucos os desprazamentos que terán que facer en toda a liga: o equipo xoga en categoría cadete, que se disputa a nivel galego e onde tan só compiten sete formacións.

A ilusión, o equipamento e un autobús para desprazarse non abundaban para un proxecto serio que requiría un adestrador propio. Chegadas a ese punto apareceu un vello coñecido, Fran, que puxo o seu gran de area aceptando adestrar ás rapazas dous ou tres días á semana sen recibir ningún tipo de compensación económica. “Xa as adestrara para o torneo de verán e elas quedaron encantadas”, asegura José María, “a verdade é que se involucra con elas un montón”.

Faltaba aínda a cuarta pata para darlle un sustento sólido ao equipo, que para poder inscribirse na Federación Galega de Fútbol precisaba o respaldo dun club cun NIF e uns estatutos. E aí estaba para botar unha man o Melide Fútbol Sala, cuxo equipo masculino deixou de competir hai tres anos pero cuxos estatutos valeron de soporte para o novo proxecto.

Nesas brincadeiras que ten a vida, cando os documentos chegaron á man de José María Valcárcel, descubriu neles anotacións do seu puño e letra, de cando hai 23 anos era tesoureiro da directiva que fundou o Melide Fútbol Sala. Unha “sorpresa emotiva” que dúas décadas despois o fai soñar: “a miña aspiración como pai e como melidense é que o día de mañá este novo equipo se chame Melide Fútbol Sala Feminino”.

Por diante queda un longo camiño pero non hai dúbida de que todas as persoas que forman parte deste proxecto xa levan moito ganado: “cando rematan os partido imos todos xuntos tomar algo e xuntámonos 30 ou 35 persoas. Iso é moi bonito. Ganar tamén, pero facer amigos, convivir e relacionarse socialmente é o que ao final lle dá vida a unha persoa”.

Patricia López competirá no mundial de espada



José Ayude, Patricia López e o seleccionador nacional de esgrima

Patricia López e Arón Ayude, alumnos da Escuela Ayude de Melide, foron os dous únicos tiradores galegos convocados polo seleccionador nacional de esgrima, Ángel Fernández, para participar na concentración coa que os mellores deportistas españois na especialidade de espada prepararon este Nadal as próximas probas do calendario de competición.

No caso de Patricia López achégase unha cita moi impor-

tante. Nada menos que o campionato do mundo junior, que se celebrará o 30 de xaneiro en Burgos, e para o que conseguiu clasificarse nas probas do ranking nacional de Madrid, disputadas antes do Nadal. Nese campionato tamén participou Arón Ayude, que conseguiu clasificarse no posto 19º de 140 deportistas, unha boa actuación que lle valeu a convocatoria do seleccionador nacional.

A Directiva da Coral Polifónica de Melide
ORGANIZA:

CEA-BAILE CARNAVAL '16

Hotel Carlos '96
Podorase asistir con disfraz ou sin disfraz.

6 FEBREIRO
22.00 H

***MÚSICA EN VIVO**
***SORTEOS DIVERSOS**

Prezo da entrada: 20€

Venda de entradas en:
Librería Parrado, Cafetería Estilo
e Cafetería Marian.

Máis información
no teléfono: 828 916 039

ENTROIDO



MELIDE 2016

MELIDE
SÁBADO, 6 FEBREIRO
PASARRÚAS DO ENTROIDO
Pola Asociación Cultural e Recreativa Camiño
19:15 h: SAÍDA DA PRAZA DO CONVENTO E ACOMPAÑADO DA ACRIBACIÓN MUSICAL HERBA GRILEIRA

DOMINGO, 7 FEBREIRO
FESTA INFANTIL DE DISFRACES
17:30 h: - PAZO DE CONGRESOS
 XOGOS, BAILES, MÚSICA, DISFRACES E NOCTAS SORPRESAS.

MARTES, 9 FEBREIRO
CONCURSO DE DISFRACES
16:30 h: - CANTÓN DE SAN ROQUE
 Recepción de participantes
17:30 h: - CANTÓN DE SAN ROQUE
 Desfile dos participantes
18:30 h: - PAZO DE CONGRESOS
CONCURSO DE DISFRACES
 No caso de choiva, cancelárase o desfile e a recepción de participantes realízase unha hora antes do concurso no pazo de congresos e exposicións.

PREMIOS:
COMPARSAS (+ de 8 persoas):
 1º premio: 1.000 €
 2º premio: 700 €
GRUPOS (3-8 persoas):
 1º premio: 400 €
 2º premio: 300 €
INDIVIDUAIS E PARELLAS:
 1º premio: 150 €
 2º premio: 100 €
 (Os membros do xurado non poden participar nesta categoría)

PASARRÚAS, LECTURA DO PREGÓN E QUEIMA DO ENTROIDO
Pola Asociación Cultural e Recreativa Camiño
19:15 h: SAÍDA DA PRAZA DO CONVENTO
 ACOMPAÑADO DE MÚSICA TRADICIONAL.
20:30 h: PRAZA DAS COLAS
 LECTURA DO PREGÓN E QUEIMA DO ENTROIDO

CONCERTO DE ROCK

Pub Gatos Melide

PRESUME DE GALEGO

venres
29
Xaneiro



SUPEROITO KALEKOI

herba grileira






SANTISO, CAPITAL PROVINCIAL DO KICK BOXING

O pavillón polideportivo de Visan-toña, en Santiso, acolleu por primeira vez a Copa Deputación de Kick Boxing, na que participaron clubs de Burela, Ribadeo, Cee, Cedeira, Lugo, Santiago, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Poio, Lalín e Melide. Tamén estiveron presentes os alumnos de Escuela Ayude, que conseguiron facerse con 5 medallas de ouro, 4 de prata e 4 de bronce. Cristina Cardeiro fíxose co trofeo á mellor deportista.



I FESTIVAL INFANTIL DE HERBA GRILEIRA

A Escola de Música e Baile Tradicional Herba Grileira estreou o ano cun novo proxecto: un festival infantil que celebrou a súa primeira edición o pasado 3 de xaneiro na Casa da Cultura de Melide e que, ademais das actuacións a cargo do alumnado, contou tamén coa participación de máis de 40 cativos e cativas da agrupación Falcatrueiros, de Monterroso.



APOIO PARA A ORQUESTRA SINFÓNICA

O presidente da Asociación Cultural Música no Camiño, Fernando Vázquez Arias, asinou un convenio coa Deputación da Coruña a través do cal a institución provincial achegará 52.000 euros para apoiar o ciclo de concertos do programa *Música Lírica*, desenvolvido pola Orquestra Sinfónica de Melide. En dito ciclo, ofertado aos concellos, inclúense catro propostas entre as que destaca un programa de música lírica galega.



OS TROITEIROS CELEBRAN ASEMBLEA

A Asociación de Troiteiros "Río Furelos" convoca para o vindeiro 29 de xaneiro a súa XIII Asemblea Xeral Ordinaria, na que se prevé aprobar os orzamentos para o ano 2016 e na que se presentará o calendario de actividades a realizar nos vindeiros meses. Tamén se establecerá a cota de socio para este ano. A cita será no salón de actos do Edificio Multiusos ás 19:00 horas.





LUAR 2ª fase

VENRES, 5 FEBREIRO

APOIA A:
FÁTIMA LEA

*5 CHAMADAS POR LÍNEA

Joyería Oro Ley



Taller propio



Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68



Plagostel
R.U.S. (B.177-GAL-SP01)
calidad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto 865/2003 por el cual se establecen criterios higiénico-sanitarios para la prevención y control de la Legionelosis?

AGACPRA
Asociación Galega de Empresas de Control de Prezo

AVOGADOS

Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf. 981 506 455 – Móbil 661 58 00 04

MELIDE

Xosé Neira Vilas, o latexar do pobo (II) Percorrido pola obra

César C. Vega, investigador

Foi autor do poemario *Dende lonxe* (1958) e da miscelánea narrativo-poética *Cantarolas e contos prá xente miúda* (1975), en colaboración coa súa muller, Anisia Miranda. Nela, inclúe contos de tradición oral e poemas infantís que se deran a coñecer no semanario infantil *Axóuxere*. Tamén realizou numerosos libros de literatura infantil, entre eles *O espantallo amigo* (1971), *O cabaliño de buxo* (1971) e *De cando Suso foi carteiro* (1988).

No terreo narrativo escribiu numerosos libros caracterizados pola riqueza fraseolóxica e léxica, na que salienta o vocabulario concen-



Anisia Miranda e Neira Vilas

a clasificación temática de Gonzalo Navaza (2000), proporcionaremos uns apunta-

mentos acerca da obra de Neira Vilas.

Por unha banda, temos tres narracións rurais con protagonismo infantil. *Memorias dun neno labrego* (1961) consta de dezasete capítulos, con unidade narrativa completa e autónoma, nos que un narrador en primeira persoa glosa vivencias persoais da vida del na aldea. O enfoque crítico perfílase coa psicoloxía de Balbino, personaxe narrador que percibe a inxustiza social e a división entre a xente acomodada e o pobo. *Cartas a Lelo* (1971) fórmase de vinte e

unha cartas dirixidas por Toño, un rapaz da aldea de Balbino, a un amigo emigrado

no Brasil. Cada episodio finaliza cunha lección moralizante e ten como destinatario os/as nenas/as. *Aqueles anos do Moncho* (1977) nárrese en terceira persoa durante deza-oito capítulos que se separan en dúas series mediante o inicio da Guerra Civil Española.

Por outra banda, as narracións rurais con protagonismo adulto núntrense de tres obras: *Xente no rodicio* (1965), trátase de vinte relatos breves relativos ó drama rural marcados pola desgraza (pobreza, prexuízos, impermeabilidade social e violencia); *A muller de ferro* (1969), cuxa anécdota se caracteriza por contar con simbolismo ou alegoría ou por se achegar á temática do absurdo, e *Querido Tomás* (1980) reproduce o monólogo da protagonista Sara, mestra dunha aldea cercana duns cincuenta anos, desenvolvido en dous planos temporais, o mes de agosto da década de 1970 e a mocidade.

Así mesmo, compúntanse narracións ambientadas na emigración: *Camiño bretemoso* (1967), no que un vello

emigrante galego na Arxentina, solitario e con poucos recursos, se dirixe a outro vello recordando a súa propia vida; *Historias de emigrantes* (1968), volume con dezaseis relatos que recollen caracteres e destinos persoais de emigrantes; *Remuíño de sombras* (1973), noventa fragmentos de diferente extensión (breves instantáneas, treitos de artigos xornalísticos...) co obxecto de ofrecer unha visión global dunha realidade complexa e variada, e *Tempo novo* (1987), ambientado na illa de Cuba, singularízase pola experiencia revolucionaria e pola nova realidade social.

E, por último, as series de estampas breves *Lar* (1973), *Nai* (1980) e *Pan* (1986) foron recollidas en 1993 no volume *Charamuscas*. A primeira serie reúne textos breves que efectúan unha exaltación lírica de escenarios e realidades da cultura campesiña. Na segunda patentízase a autobiografía. A terceira, con trinta e nove narracións, contén instantáneas, escenarios ou retratos alusivos a un destino persoal.

Incertezas na xeira da sobreinformación

Santiago Prado Conde (Chago),
antropólogo

Albisca no pasado recente elementos que tornen a desilusión colectiva en novos xeitos de recuperar o dinamismo social parece alleo a aquilo que proxectamos cara o futuro. A sobreinformación á que estamos acostumados nesta nova xeira que foi acuñada de sociedade do coñecemento, da postmordenidade, do ciberspazo ou da sociedade en rede, parece ser un dos elementos máis recorrentes da anomia social. Constantemente queixámonos das dificultades nunha especie de autodestrución anímica que nos leva cara o camiño da parálise. Isto pode deberse a que os vellos referentes xa non son axeitados ou, mellor dito, estanse adaptando ao mundo actual e aínda non somos quen de proxectar como nos guían nas novas forman que o capitalismo está adoitando.

Sennett, nun magnífico libro de finais dos anos 90 baixo o título *A corrosión do carácter*: as consecuencias persoais do traballo no novo capitalismo, xa expoñía que unha das principais mudanzas no novo capitalismo é que se está eliminando a orde a longo prazo acadada na segunda metade do século XX por un novo lema denominado “nada a longo prazo”. É dicir, o cambio continuo, a sobreoferta constante de novos produtos, pensar que o acadado en materia de conquistas ou dereitos sociais non poden garantirse para o futuro, entre outras, xeran múltiples incertezas nun mundo que estaba pensado para “toda a vida”. O benestar colectivo que en datas pasadas se converteu na bandeira de moitos e no que existía, incluso, certa afinidade entre os distintos partidos políticos

adoita agora trazos melancólicos de que algo está a mudar e que nos queren arrebatarnos nunha especie de xogo neutral que se nos presenta como necesario. Loxicamente, ao entrar nunha espiral na que non somos quen de discernir ou de articular discursos que se tornen reflexivos debido aos excesos da información, os cambios acelerados causan sentimentos ambivalentes. Tanto estamos no cumio da esperanza como rapidamente nos corroe o desalento ante mudanzas que non somos quen de controlar.

Ante este reducido diagnóstico da xeira actual, suscítanse novos elementos que podemos facer nosos. Se miramos a tradición como o cúmulo de subxectividade, atoparemos diálogo e novas formas cooperativas. Se temos en conta os erros do pasado,

poderemos camiñar pola senda da ilusión. E se demandamos e acadamos cotas participativas a democracia será, cando menos, a utopía cara a que tendemos. Sexa como fose, o que parece aterrarnos cando miramos as dinámicas sociais é que de nós dependerá que artellemos unha sociedade na que o recoñecemento das pequenas cousas da vida nos poden encaixar cara o terreo das posibilidades, do camiño a camiño, do pouco ao pouco e nos permitirán fuxir así das ópticas globalizadoras do formatado e do sempre igual. Por iso, permítanme nomear aquí o libro *Tratado para radicais*. Manual para revolucionarios pragmáticos de Saul Alinsky, que veu



a luz a inicios da década dos 70, e as propostas enxeñosas, reais, creativas e legais que realiza para a acción colectiva, ademais duns principios que se achegan ao campo do humor como unha forma de resistir e, quizais tamén, para que o silencio non sexa visto como consentimento.

CONCHA CASARES MOZO, CASA ALONGOS

“Queremos que a xente se sinta coma na casa cando veña comer aquí”

Dentro da definición poliédrica que se podería facer de Casa Alongos destaca a coherencia, esa que leva a reflectir nos seus menús e nos seus pratos a filosofía e o xeito entender o mundo de quen o rexe no día a día; Concha Casares e Fran Lugrís. Produtos “auténticos e naturais” con orixe galega

constitúen a base dunha cociña tradicional e “da casa” que busca constantemente a innovación, facendo desta tapería un sitio distinto. Situada ao pé do Camiño de Santiago, Casa Alongos é tamén un negocio “aberto ao mundo” polo que transcorren emocións e anécdotas compartidas.

- Estará de acordo comigo en que o seu local é un establecemento diferente.

-Concha Casares (C.C.): Supoño que é un establecemento como moitos outros, o que pasa é que ao estar ao pé do Camiño de Santiago temos a sorte de que pare xente de moitas partes do mundo. Quizais sexa diferente porque intentamos innovar un pouco na cociña mantendo produtos tradicionais. Por exemplo co tema do pulpo facemos unha hamburguesa que tivo moito éxito: cambiamos o concepto tradicional e preparamos uns montadiños de pulpo, queixo San Simón e cebola caramelizada... son cousas diferentes pero nada sofisticadas. Por outra parte temos unha terraza exterior moi bonita, a cociña está aberta.... si, o certo é que intentamos ter algo diferenciador.

- Como definiría vostede Casa Alongos?

-C.C.: Somos unha tapería na que se serven racións abundantes, variadas, e onde se pode xantar e cear ben por pouco prezo. Aquí non facemos cousas extraordinarias, pero facémolas con cariño. Non se trata de elaborar pratos sofisticados, senón de empregar produtos auténticos, naturais e, na medida do posible, galegos.

- Tivo claro dende un principio o enfoque que lle quería dar ao negocio?

-C.C.: O único que sabíamos ao principio é que queríamos que a xente cando viñera comer aquí se sentira coma na súa casa. Queríamos cociñar como faría calquera no seu día a día, mantendo uns estándares de calidade e utilizando un produto natural e da zona: de xente que produce tomates de tempada, que produce brócoli,



A Burguer de Pulpo é unha creación de Concha Casares e Fran Lugrís

ou que ten queixos de aquí... Buscamos cociñar como se fose para a festa da casa; non podes pretender que se ti non comes un prato, os demais o coman.

- Que me serviría se lle pido un prato tradicional e innovador con produtos galegos e naturais?

-C.C.: Pois por exemplo unha crema de chocolate con castañas do Courel ou ricos de Melide, ou un arroz con leite, que é outra das sobremesas feitas por nós que tivo moito éxito, con froitas de inverno como o kiwi. Se fose no verán podería servir un sorbete de mandarina con arandos do Careón. En canto a pratos, facemos unha boa hamburguesa con carne de boi Angus Black certificada e pan artesán de Melide. Todos os embutidos que temos son propiamente de

Galicia. Temos o queixo de Arzúa-Ulloa, o xamón de Vilalba, as fabas de Lourenzá... e croquetas de cocido das de verdade, con bechamel. É algo que moita xente desestima porque dá traballo, pero a gratitude dun cliente despois de que proba algo elaborado e que ten bo sabor é para nós moi importante.

- O feito de estar ao pé do Camiño condiciona o tipo de menús e de clientela?

-C.C.: Non, neste momento non se pode establecer unha diferenza entre peregrino e cliente local. O peregrino o que quere é comer ben, coma calquera persoa. Para nós o cliente é un cliente impersoal, á marxe de calquera tipo de nacionalidade, por iso non podes dicir que uns son mellores ca outros. Por aquí pasa

moita xente que nos valora... Ao final acabas caendo na conta de que polo mundo hai persoas impresionantes. Nós aquí témonos emocionado moito coa gratitude da xente.

- Sen saír de Melide ten no seu negocio unha porta aberta ao mundo...

-C.C.: Si, de feito teño moitísimas receitas manuscritas, máis de 100, de xente de diversas partes do mundo: Bulgaria, Hawai, Xapón, Corea, Sudáfrica, Polonia, Irlanda, Austria... toda esa xente tivo a ben escribirme o que facía súa avoa, o que facía súa nai... é xente coa que realmente conectas e que che transmite moitísimo sentimento. Hai unha empatía tremenda e mil e unha anécdotas, porque tes unha porta aberta ao mundo continuamente; ao de aquí e

“Non tratamos de facer pratos sofisticados, senón de usar produtos da zona e naturais”

“A gratitude do cliente despois de probar algo que ten bo sabor é para nós moi importante”

ao de acolá. Este non é un local para os peregrinos; é un local para o mundo.

- E tamén un local para a cultura. Fálame desa vertente de Casa Alongos.

-C.C.: Non somos un local de actuacións pero temos amigos que fan poesía, que escriben libros, que tocan... e veñen aquí. Ás veces non é necesario buscar; a xente vén a ti porque estás aberto a todo tipo de posibilidades. Aquí entra xente moi variopinta que nos plantea facer cousas e non queremos pecharche a porta a nada. Nós disfrutamos con iso e a xente que vén tamén.

Casa Alongos

Tlf: 981 506 392

Camiño Vello de Santiago



2^{as}
gafas
GRATIS

al comprar tus mó
graduadas
con antirreflejante

77 €

PVP recomendado. Hasta el 31/10/2015 por la compra de unas gafas graduadas (montura mó + lentes) por 77€ con lentes graduadas monofocales antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4. Llévate unas segundas gafas gratis mó con la misma graduación y lentes Beslayt 1.5 AR. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publitice. No acumulable a otras ofertas o promociones.

**Ronda de A Coruña, 20
15800 Melide
A Coruña**

www.multiopticas.com

MULTIÓPTICAS
Tabora